



**VILAFRANCA, Isabel e VILANO, Conrad (eds.)** *Giner i la Institución Libre de Enseñanza, des de Catalunya. Cent anys després de la mort de Francisco Giner de los Ríos (1839-1915)*. Barcelona: Edicions de la Universitat de Barcelona, 2018. 280 páxinas. ISBN: 978-84-9168-075-8.

Con motivo do centenario do pasamento de Francisco Giner de los Ríos, no ano 2015 celebráronse seminarios, xuntanzas, xornadas, e publicáronse monografías e artigos, que se unen á extensa bibliografía que hai sobre o impulsor da Institución Libre de Enseñanza.<sup>1</sup>

<sup>1</sup> Sen ánimo de sermos exhaustivos, citamos, entre outros traballos, os incluídos nos números 97-98 do Boletín de la Institución Libre de Enseñanza do ano 2015, conmemorativo do centenario de Francisco Giner, ou o número 16, do ano 2016, da revista *Indivisa*, no mesmo sentido. Entre as monografías, a

O volume *Giner i la Institución Libre de Enseñanza, des de Catalunya. Cent anys després de la mort de Francisco Giner de los Ríos (1839-1915)*, editado polos profesores Isabel Vilafranca Manguán e Conrad Vilanou Torrano, e publicado pola Universitat de Barcelona no ano 2018, súmase a esa corrente cun conxunto de contribucións de especialistas e estudosos do krausismo, Francisco Giner e o seu mundo e a renovación pedagóxica en Catalunya, e que o converten non nunha referencia máis, senón nun texto de obrigada consulta.

Iníciase o volume coa achega do profesor Josep Monserrat Molas, «Qui ha de ser el llevat i quíns el regne? Un apunt metodològic a propòsit de Francisco Giner de los Ríos i Josep Pijoan», que presenta unha fonda reflexión sobre as complexas relacións entre Catalunya e España. Daniel Izquierdo Clavero, en «Vidas y silencios en Francisco Giner de los Ríos y Antonio Machado. La filia poética de la pedagogía», desentraña, cunha linguaxe moi coidada, as vidas de Giner e de Machado, que se cruzan cando os irmáns Machado (Manuel, José e Antonio) ingresan como alumnos na Institución Libre de Enseñanza, en 1883 e,

de Carmen Colmenar Orzaes, *Francisco Giner de los Ríos y su legado pedagógico* (Madrid, Los Libros de la Catarata, 2015); Raquel Velázquez Velázquez (ed.), *Un duelo de labores y esperanzas: Don Francisco Giner en su centenario (1839-1915)* (Barcelona, Edicions de la Universitat de Barcelona, 2016); Antonio Machín Romero, *Francisco Giner de los Ríos y la Institución Libre de Enseñanza* (Alicante, Club Universitario, 2016); Ángel L. Prieto de Paula (ed.), *Hacia otra luz más pura: la memoria de Francisco Giner de los Ríos* (Alicante, Universidad de Alicante, 2016); Delia Manzanero, *El legado jurídico y social de Giner* (Madrid, Publicaciones de la Universidad Pontificia de Comillas, 2016); Jorge Gutiérrez de Cabiedes Sánchez, *El Madrid de Giner de los Ríos: educación, cultura y deporte* (Madrid, La Librería, 2016).

dun xeito mais persoal, cando Giner pretende a María Machado Ugarte, tía dos Machado.

Juan Manuel Fernández-Soria analiza, en «Inglaterra en la Institución Libre de Enseñanza», o influxo das *public schools* británicas na pedagogía institucionista, que vai tomar do modelo inglés o espírito colexial, a acción tutorial, o cultivo do deporte e o fomento da confianza e a colaboración mutuas. Jordi García Farrero e Óscar Jiménez Abadías estudan, en «Paisatge i pedagogia: Francisco Giner de los Ríos vist per Gaziol», a relación que no inverno de 1912-13 se estableceu entre Giner e Agustín Calvet Pascual, escritor e periodista que firmaba os seus traballos co pseudónimo de Gaziol e que será director do diario *La Vanguardia* entre 1920-1936; García Farrero e Jiménez Abadías indagan no «descubrimento» da serra do Guadarrama polos institucionistas e no excursionismo como símbolo de modernidade pedagóxica.<sup>2</sup>

Miquel Martínez Martín e Ana Marín Blanco asinan o texto «Actualidad del pensamiento de Giner: el clima moral y la educación en valores», en que introducen un tema moi presente e controvertido, como é precisamente a educación en valores e a problemática da súa definición. Martínez e Marín defenden a permanencia do pensamento de Giner como exemplo de neutralidade ante cuestións social e eticamente polémicas e a súa aposta pola inclusión como vía para acadar a harmonía social.

<sup>2</sup> O tema da atracción dos institucionistas polo Guadarrama foi tratado por Nicolás Ortega Cantero en *Paisajes y excursiones. Francisco Giner, la Institución Libre de Enseñanza y la Sierra de Guadarrama* (Madrid, Raíces, 2001).

Os profesores Joan Soler Mata e Conrad Vilanou Torrano, en «Giner y la renovación pedagógica en Cataluña. Entre la tradición liberal y la historia conceptual», fan unha interesante análise do concepto de renovación pedagóxica en Cataluña, con dúas posturas non coincidentes, que a enraizan na propia identidade catalá e na adaptación que fai de correntes estranxeiras por unha banda e, pola outra, no influxo das iniciativas progresistas que naceron en Madrid, como a Institución Libre de Enseñanza e a súas derivacións a través da Xunta para Ampliación de Estudos. Os profesores Soler e Vilanou defenden unha historia conceptual da educación, próxima á historia das ideas, e alternativa fronte á historia da pedagogía, de corte idealista, ou a moderna historia da educación excesivamente atomizada. E aplican o modelo ao concepto de «renovación pedagóxica», de gran contido semántico e con diversos niveis, buscando o diálogo e o respecto.<sup>3</sup>

Carles Bastons i Vivanco achéganos dúas avanzadas pedagogas en «El deixant institucionista a Catalunya: Isabel Vilà Pujol (1843-1896) i Maria dels Àngels Ferrer Sensat (1904-1992), dues figures notables de la pedagogia catalana». Isabel Vilà, que destacou como sindicalista, pon en práctica métodos moi similares aos da Institución Libre de Enseñanza en Sabadell, mentres que Àngels Ferrer, filla da pedagoga Rosa Sensat, se educa nun ambiente de apertura e progresismo que a leva, tras formarse como científica e colaborar coa cátedra de Zooloxía da Universidade de Barcelona, a

<sup>3</sup> Joan Pages e Conrad Vilanou seguen de preto os postulados de Cacho Viu, sobre todo en *El nacionalismo catalán como factor de modernización Barcelona*, Publicaciones de la Residencia de Estudiantes – Quaderns Crema, 1998).

dirixir o Institut-Escola do Parc, promovido pola Generalitat, durante a Segunda República.

Isabel Vilafranca Manguán e Antonieta Carreño Aguilar analizan, en «María de Maeztu, una mujer institucionista», a traxectoria vital de María de Maeztu, a pedagoga vitoriana que comezou como mestra nun barrio humilde de Bilbao e, tras formarse nos círculos da Xunta para Ampliación de Estudos, realizará un gran labor de promoción da educación das mulleres desde a dirección da Residencia de Señoritas de Madrid, e tamén da defensa dos seus dereitos e dunha vida máis socialmente activa desde o Lyceum Club.<sup>4</sup> Tristemente, María de Maeztu, moi afectada pola tráxica morte do seu irmán maior Ramiro, morrerá no exilio arxentino en 1948.

A profesora Raquel de la Arada fai en «Hermenegildo Giner de los Ríos: l'empremta institucionista d'un pedagogo i polític a Barcelona» un estudo da presenza do irmán de Francisco Giner, Hermenegildo, en Barcelona, onde será catedrático de segundo ensino e destacará tamén como figura política vinculada ao lerrouxismo, que vai promover iniciativas como as colonias escolares e integrar no círculo da Institución figuras como Josep Pijoan.

Ignasi Roviró Alemany analiza en «L'estètica de Francisco Giner de los Ríos» as ideas estéticas de Giner, procedentes do krausismo, e contrapón a postura de Giner, de signo panteísta e romántico, coa de Menéndez Pelayo, tradicional e conservadora.

Pecha o volume o profesor Conrad Vilanou co estudo «Del marqués de Lozoya a Josep Maria Junoy: una resposta estètica al krausismo», onde constata as dúas visións estéticas enfrontadas dos bloques que, a partir de xullo de 1936, estalan na guerra civil. Os conservadores renegan da estética institucionista, que tiña como símbolos o Guadarrama, Toledo e O Greco (a través da reivindicación que da súa figura fixera Cossío), por estranxeirizante e positi-za, e defenden unha arte «hispanica» antikrausista e católica, que prefere a pintores como Zurbarán, Murillo e Ribera.

En suma, o volume coordinado por Isabel Vilafranca e Conrad Vilanou é un excelente compendio que, ademais de contribuír á conmemoración do centenario da morte de Francisco Giner, nos ofrece un conxunto coherente e ben fiado de traballos que analizan a figura de Francisco Giner e as relacións, non sempre fáciles, entre Catalunya e o resto do Estado español. Os editores fixeron un labor esmerado de compilación: ningún traballo sobra, todos se complementan e engaden información valiosa cara ao futuro.

Ángel Serafín PORTO UCHA  
Universidade de Santiago de Compostela

Raquel VÁZQUEZ RAMIL  
Universidade de Valladolid

<sup>4</sup> O percorrido vital e parte da obra de María de Maeztu está recollida no libro de Ángel Serafín Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil, *María de Maeztu. Una antología de textos* (Madrid, Dykinson, 2015).